

A colección da biblioteca escolar

Criterios de selección e recursos



CAFI - Santiago de Compostela
11 de febrero de 2020

Cristina Novoa
crisnovoa@gmail.com

Algunha documentación a ter en conta...

- **Artigo 113 da LOE-LOMCE sobre a biblioteca escolar**
- Os decretos de ensinanza mínimas a nivel do Estado
- *Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato*
- **Decretos que desenvolven os currículos para primaria e secundaria en Galicia**
- **Recomendacións europeas en relación coa lectura e as alfabetizacións múltiples**

LOMCE e biblioteca escolar

Artigo 113

3. As bibliotecas escolares contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumno acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias e poida formarse no uso crítico dos mesmos. Igualmente, contribuirán a facer efectivo o disposto nos artigos 19.3 e 26.2 da presente Lei

(artigos que fan referencia á obrigatoriedade de incorporar un tempo diario de lectura, no ensino primario, e de dedicar un tempo para a lectura na práctica docente de todas as materias, coa fin de promover o hábito lector, no ensino secundario).

O Proxecto Lector de Centro nos currículos galegos – Primaria

DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 18. Bibliotecas escolares e lectura

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

2. Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na programación xeral anual.

*3. Así mesmo, os centros docentes contarán cunha **biblioteca escolar**, instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro), como centro de referencia de recursos da lectura da información e da aprendizaxe e punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias **que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo ademais de estimular os intercambios culturais no centro.***

4. Correspóndelle á dirección do centro a aprobación do programa de promoción da lectura logo da proposta realizada polo claustro de profesorado.

O Proxecto Lector de Centro nos currículos galegos – ESO- BAC

DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 38. Bibliotecas escolares e lectura

- 1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (proxecto lector de centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.***
- 2. Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na programación xeral anual.***

O Proxecto Lector de Centro nos currículos galegos – ESO- BAC

*3. Os centros docentes disporán dunha biblioteca escolar. Tomaranse as medidas organizativas necesarias para que a biblioteca escolar teña un funcionamento estable e sirva aos obxectivos do proxecto lector de centro. A biblioteca ten como obxectivos ser un centro de recursos e oportunidades para a lectura, a aprendizaxe e a información; un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias **que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, a adquisición de competencias claves, as metodoloxías activas e o traballo colaborativo, e ademais que estimule os intercambios culturais no centro docente.***

*4. Correspóndelle á dirección do centro docente a aprobación do programa de promoción da lectura, logo da proposta realizada polo claustro de profesorado. **Procurarase a adecuada coordinación, de ser o caso, co proxecto de educación dixital do centro, de xeito que se reforce a adquisición das competencias para uso, tratamento e produción de información por parte do alumnado, e se aproveiten eficientemente os recursos ao dispor da comunidade educativa.***

Un modelo de biblioteca escolar

*As bibliotecas escolares que se precisan na actualidade son **centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe: “entornos” educativos** específicos integrados na vida da institución escolar. Apoian ao profesorado no exercicio das súas prácticas de ensinanza e facilitan ao alumnado a aprendizaxe dos contidos curriculares, así como a adquisición de competencias e hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa.*

Marco de referencia para las bibliotecas escolares. Ministerio de Educación (2011)

E que di a IFLA???

A biblioteca escolar é un “entorno” físico e dixital de aprendizaxe na escola onde a lectura, o interese, a investigación, o pensamento, a imaxinación e a creatividade son centrais para a viaxe cara á información e o coñecemento dos estudantes, tamén cara ao seu crecemento persoal, social e cultural.

Directrices IFLA para a Biblioteca Escolar (2015)

A biblioteca escolar, unha biblioteca específica

- Dar resposta ás demandas de profesorado, alumnado e familias, en materia de **lectura** e de **información**:
 - Finalidades distintas
 - Soportes variados
 - Contidos diversificados
- Durante os procesos de ensinanza (profesorado)
- Durante os procesos de aprendizaxe (alumnado)
- Interese ou curiosidade por acceder aos recursos culturais (calquera membro da comunidade escolar).



Ámbitos de traballo

- Comprensión lectora
- Fomento da lectura
- Expresión oral/escrita
- Habilidades no uso da información
- Aprender a aprender



Unha biblioteca escolar inclusiva??

Repensar e redeseñar os

ESPAZOS

- **Accesibles**
- **Practicables** (que faciliten a circulación)
- **Diversos:** lectura informal, traballo individual e traballo en grupo, recuncho audiovisual e informático para un uso autónomo... pero tamén: creativos, multisensoriais, manipulativos, libres de estímulos ("espazos de acougo")...
- Con **mobiliario adecuado**
- Con **equipamento adaptado** (pantallas, teclados adaptados, pulsadores, lupas, tabletas, mesa táctil...)



Unha biblioteca escolar inclusiva??

Contemplan na

COLECCIÓN

- **Textos adaptados:** letra grande, lingua de signos, pictogramas, braille, subtitulación, audiodescrición, audiolibros, redactados con criterios de “lectura fácil”.
- Recursos en diferentes **soportes e formatos**
- **Xogos e material manipulativo**
- **Material multisensorial**



Unha biblioteca escolar inclusiva??

Ofertar

OPORTUNIDADES para

- **Actividades significativas e adaptadas** para todo o alumnado do centro.
- Uso de **ferramentas facilitadoras** do acceso á información.
- **Acceso igualitario** a todo tipo de servizos (formación de persoas usuarias, préstamos, actividades de lectura, escritura, obradoiros, clubs de lectura, lecturas compartidas e outras).
- **Enfoque participativo** no deseño e realización das actividades.



Unha biblioteca escolar inclusiva??

Desde e para outra

ACTITUDE

en relación coa diversidade

- Normalizadora
- Visibilizadora
- Sensibilizadora
- Respectuosa e de trato igualitario
- De axuda, apoio e comunicación adaptada
- Coñecedora das diferentes necesidades



Selección de recursos


- Disponible nos espazos web de Bibliotecas Escolares de Galicia.

A modo de exemplo:


- ***APLICACIÓNS PARA ORDENADOR, TABLETA E MÓBIL:***

- APRENDICES VISUALES: [HTTP://WWW.APRENDICESVISUALES.COM/](http://www.aprendicesvisuales.com/)
(CONTOS CON PICTOGRAMAS)
- MIS PICTOCUENTOS : [HTTPS://WWW.PICTOCUENTOS.COM/](https://www.pictocuentos.com/) (PARA
CREAR CONTOS CON PICTOGRAMAS)
- [HTTPS://WWW.PICTOAPLICACIONES.COM/](https://www.pictoaplicaciones.com/)
 - A) [HTTPS://WWW.PICTOEDUCA.COM/](https://www.pictoeduca.com/)
 - (IOS:[HTTPS://GOO.GL/W2GSUK](https://goo.gl/w2gsuk) ANDROID:[HTTPS://GOO.GL/W2HHRM](https://goo.gl/w2hhrm))
 - B) [HTTPS://WWW.PICTOSONIDOS.COM](https://www.pictosonidos.com/)
 - C) [HTTPS://WWW.PICTOTRADUCTOR.COM/](https://www.pictotraductor.com/)
 - D) [HTTPS://WWW.WIKIPICTO.COM/](https://www.wikipicto.com/)
 - E) [HTTPS://WWW.PICTOCUENTOS.COM/](https://www.pictocuentos.com/)
 - F) [HTTPS://WWW.PICTOAGENDA.COM/](https://www.pictoagenda.com/)


Selección de recursos: www.pinterest.es/bescolaresgal



[Pinterest: POR UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA BESCOLOARESGAL](http://www.pinterest.es/bescolaresgal)



[Pinterest: BIBLIOTECA INCLUSIVA-SECUNDARIA](http://www.pinterest.es/biblioteca_inclusiva_secundaria)



[Pinterest: LECTURA E DIVERSIDADE BESCOLOARESGAL](http://www.pinterest.es/lectura_e_diversidade_bescolaresgal)


Selección de recursos

GUÍA DA BIBLIOTECA DO CRA MARÍA ZAMBRANO (O ROSAL)

¿QUE HAI NA BIBLIOTECA?
¿QUÉ HAY EN LA BIBLIOTECA?



NA BIBLIOTECA HAI MOITOS CONTOS
EN LA BIBLIOTECA HAY MUCHOS
CUENTOS



E TAMÉN PELÍCULAS, MÚSICA,
REVISTAS E BANDA DESEÑADA

Y TAMBIÉN PELÍCULAS, MÚSICA,
REVISTAS Y CÓMICS




Biblioteca creativa

Biblioteca creativa

138 Pines • 191 seguidores

Pines

Más ideas



<https://www.pinterest.es/bescolaresgal/biblioteca-creativa/>

Biblioteca escolar, ***biblioteca total***



- ESPAZO EDUCATIVO
- Recursos “presentes” + recursos “en liña”
- Integración dos distintos soportes de forma natural, responsable, coherente, equilibrada, “informada”, e con perspectiva de futuro.
- Formación e motivación para o uso doutras bibliotecas (e doutros servizos culturais)

A colección



*“A biblioteca escolar máis pequena debería constar de, cando menos, 2.500 títulos **relevantes e actuais** para garantir un stock de libros equilibrado para todas as idades, habilidades e historias persoais”*

Directrices de IFLA/UNESCO para a biblioteca escolar, 2002.

Actualización da colección

Colección inicial = 10
documentos relevantes/alumno



Nº de alumnos	Nº mínimo de volumes relevantes
Ata 200 alumnos	3.000 volumes
200/500 alumnos	4.000 volumes
500/700 alumnos	6.000 volumes
+ de 700	10.000 volumes

Incremento anual= mínimo 1 documento/alumno

Unha colección con valor



- Riqueza dos textos e das ilustracións
- Pertinencia das informacións
- Diversidade
- Calidade
- Fiabilidade
- Interese (*que esperta na comunidade educativa: profesorado, alumnado, familias*)
- Ergonomía
- Atractivo
- Apertura
- Dinamismo
- Compensación
- Integración co currículo
- Relación co medio (fondo local)
- Utilidade
- Uso

“Expurgo”

- Baixa na colección dos documentos que xa non son útiles.
 - Deteriorados
 - Obsoletos
 - Inaxeitados
 - Sen interese
- Debera ser unha labor técnica habitual
- Garante a renovación da colección
- Serve para avaliar a colección, detectar carencias, liberar espazo etc.
- E un indicador de calidade e boa xestión



Documento de apoio (2019)



Composición dos fondos

(Segundo as recomendacións internacionais – IFLA/UNESCO):

- 60%: Obras de referencia, libros e outro material de consulta, de coñecementos....
- 40%: libros e outros para o lecer (incluída a LIX)



Tipoloxía dos fondos:

- Libros (impresos, electrónicos)
- Revistas, xornais
- CD audio
- Vídeos
- DVD ou outros
- Xogos de mesa e manipulativos
- Videoxogos
- Mapas
- Láminas
- Materiais elaborados polo alumnado
- Coleccións de imaxes
- Repositorios de recursos electrónicos
-



Recursos documentais

- Dentro e fóra da biblioteca:
 - Recursos de todo tipo, en todos os soportes
 - Recursos dixitais
- Seleccionados con criterios de calidade
 - Actualizados
 - Pertinentes
 - Compensados
- Suficientes para as necesidades actuais e a medio prazo
- Adquiridos, captados (legalmente) ou creados



Detección de necesidades



- Comisión Pedagógica (proxectos e programas a desenvolver)
- Contacto cos coordinadores/xefes departamentos
- Recollida de necesidades por áreas, departamentos, ciclos...
- Análise e avaliación da colección existente
- Desideratas

Adquisición de fondos

En función dos proxectos de centro:

- Proxecto lingüístico do centro
- Proxecto lector de centro
- Proxectos documentais integrados
- Investigación e Tratamento da Información (1º/2º ESO) ou adaptación para Primaria
- Traballos de investigación de aulas/departamentos/áreas...
- Atención á diversidade
- Alumnado inmigrante
- Programas europeos
- Contratos-programa
- Outros programas do centro...



Colección organizada

Documento de
apoio


Bega2018

CDU PARA AS BIBLIOTECAS ESCOLARES

A biblioteca escolar precisa dun sistema de clasificación estandarizado dos fondos documentais de que dispón, que permita ordenalos de xeito eficaz e que favoreza a súa localización por parte das usuarias e usuarios.

Bibliotecas
Escolares
de Galicia


Oscar Villán, ilustrador que xa elaborara outros materiais para a sinalización das bibliotecas escolares galegas, foi o encargado da realización desta CDU ILUSTRADA



Itinerarios lectores



- Son seleccións de títulos axeitados para cada nivel de idade, escollidos con criterios de calidade e en función de obxectivos recollidos no Proxecto Lector de Centro.
- O itinerario lector debe favorecer a adquisición da **competencia lectora e literaria** do alumnado.
- Son os libros “***que non queremos que se perda o noso alumnado***”.
- *O listado debe ser **aberto e flexible**, revisable, para acoller novidades de interese e lecturas “xeracionais”, ao tempo que retirar títulos que non funcionan.*
- ***NON*** é preciso adquirir lotes de libros (*Práctica non recomendable*)



"Descubrimos que os libros se relacionan uns con outros de mil maneiras, levan uns a outros por mil camiños, comunícanse -por amplos corredores ou portas secretas- como as salas dun pazo inmenso, forman parte dun organismo vivo e en continuo desenvolvemento, son follas dunha mesma árbore. Descubrimos a literatura, nunha palabra. Non como materia escolar, non como catálogo de títulos e autores, senón como mundo animado, como universo. Descubrimos a galaxia Gutenberg, o liberespazo, moi anterior ao ciberespazo e mellor cartografado, aínda que non por iso menos rico en sorpresas e aventuras. E ao converternos en libernautas accedemos, entre a infancia e a adolescencia, ao noso primeiro territorio libre." **Carlo Frabetti**

As constelacións literarias

Un mundo por ler. Guadalupe Jover. Octaedro

Propón as **constelacións literarias** como una fórmula para traballar de forma significativa a literatura cos adolescentes.

Trataríase de partir de certos temas de interese indubidable para os alumnos e crear un **itinerario de lecturas** aberto no que alternen textos actuais e antigos, literarios e non literarios, da nosa tradición ou de outras, de maneira que a literatura “clásica” se inxira sen prexuízos na experiencia vital e intelectual da xente moza.



<https://sites.google.com/view/constelaciones-literarias/p%C3%A1gina-principal>

Proposta de constelación literaria MVM



Trátase dunha selección de títulos que se vinculan, a modo de "constelación literaria" con outros libros referenciais da literatura infantil e xuvenil galega, en base a distintos criterios (temática, personaxes comúns e outros).

Para cada un dos títulos de María Victoria Moreno, hai ademais un espazo baleiro dispoñible que convida a continuar estas propostas.

Imos por partes...



Vinculáronse a este libro dous títulos referenciais da literatura galega que tratan, entre outras, as temáticas que se indican: adiccións, adolescencia, viaxe e aprendizaxe.

Convídase a explorar novas relacións entre este texto e outros títulos que poidan ofrecer aos lectores e ás lectoras narracións enriquecedoras para esa aventura persoal que supón a adolescencia.

Imos por partes...



Mar adiante foi un dos primeiros títulos infantís en galego que os mediadores de lectura e o profesorado en particular tivo á súa disposición, grazas a **María Victoria Moreno**, cando apenas había textos para este nivel lector na nosa lingua.

Vínculase á *Escola de piratas*, de Agustín Fernández Paz e *Sempre Cristina*, de Úrsula Heinze, polas temáticas tratadas: a fantasía, unha crítica evidente ás restriccións dunha escola tradicional, a aventura, os animais... Aínda que non aparece no cartel, permite tamén unha relectura dalgunhas figuras dos contos clásicos.

Actividades posibles

- Selección dos temas, autores, clásicos... que se quere abordar
- Selección dos textos (literarios e non literarios: imaxes, cine, videoclips, anuncios publicitarios, xornalísticos, ensaio, divulgativos, gráficos...
- Explicitar a vinculación entre os textos seleccionados. Convidar a ampliar a selección coas súas propias lecturas ou experiencias previas (cine, cómics...)
- Lectura de textos escollidos para traballos en pequeno e gran grupo
- Propostas de creación (escrita, plástica, fotográfica, dramática, audiovisual...), que obriguen a interaccionar uns textos con outros, uns personaxes con outros...
- Sesións de diálogo/tertulia sobre textos concretos ou temáticas que se desexen abordar, trala súa lectura.
- Propostas de investigación sobre un personaxe e creación dun monólogo ou entrevista imaxinaria ou biografía ou....
-

Implicación das familias

- **Mochilas viaxeiras**
- *Tertulias literarias*
- ***Club de lectura de adultos***
- ***“Contamos moito”***
- *Visitas a comezos do curso*
- ***Colaboracións***
- ***Familias lectoras***
- ***Lecturas compartidas***
- *Equipo de biblioteca ??*
- *Comisión de Biblioteca*
- *Recuncho de pais/nais*
-



Criterios de selección



- Aspectos externos
- Calidade gráfica
- Calidade literaria
- Cualidades do texto
- Ilustración
- A historia: tema, estilo
- Idade ou ciclo educativo
- Valores educativos

Onde está a calidade?

- Na ficción:

- Frescura, orixinalidade
- Humanidade
- Credibilidade
- Estilo coidado
- Bo desenvolvemento de elementos literarios: trama, características dos personaxes, posta en escena/ambientación, estilo, punto de vista, tema, tono, evolución das secuencias...

- Nos libros ilustrados:

- Técnica
- Composición
- Elementos da imaxe
- Características da imaxe
- Tema e argumento
- Estilo e tono
- Relación entre o texto e a ilustración
- Aspectos externos

Onde está a calidade?

- Nos libros informativos
 - Aspectos externos
 - Autoridade
 - Contido: exactitude, diversidade de puntos de vista
 - Estrutura e organización
 - Linguaxe
 - Imaxes
 - Instrumento de recuperación da información (sumario, índice...)
- Nos documentos electrónicos
 - Pertinencia
 - Contido
 - Criterios didácticos
 - Criterios relacionados co interfaz (presentación)
 - Criterios prácticos
 - Criterios de efectividade

Onde está a calidade?

- Nas páxinas web

- Autoridade (responsables, propósito)
- Contido (exactitude, calidade, pertinencia, amplitude, actualidade, ligazóns)
- Estilo (estrutura e deseño)
- Funcionalidade (navegación, funcionamento)

- MONOGRAFÍAS
- GUÍAS DE LECTURA
- BIBLIOGRAFÍAS
- REVISTAS
- REVISTAS ELECTRÓNICAS
- BUSCADORES E DIRECTORIOS
- ENCICLOPEDIAS DIXITAIS
- PORTAIS TEMÁTICOS
- BLOGUES
- VIDEOXOGOS EN LIÑA
- WIKIS
- REDES SOCIAIS

A cuestión da idade...

http://www.edu.xunta.es/biblioteca/doc/Introduccion_web.pdf



Denominación	Tramo de idade
Primeiros lectores	Por conta allea (0-6)
	Por conta propia (6-8)
Lectores autónomos	9-11
Lectores expertos	12-14
Xoves lectores	+ 15

Material literario

- Que esperten a curiosidade e as ganas de ler
- Que atendan a intereses diversos e sensibilidades distintas
- Que permitan medrar como lectores e como persoas



Calidade, actualidade, pluralidade de xéneros, estilos, formatos...

Priorizar aqueles materiais de difícil acceso (por calidade, prezo, distribución...)

Monografías sobre LIX e outros

- CERRILLO, Pedro. ***Literatura infantil y juvenil y educación literaria***. Barcelona: Octaedro, 2007.
- COLOMER, Teresa. ***La formación del lector literario***. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 1998.
- COLOMER, Teresa. ***Introducción a la literatura infantil y juvenil***. Madrid: Síntesis, 1999.
- COLOMER, Teresa (coord.) ***Siete llaves para valorar las historias infantiles***. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 2002.
- COLOMER, Teresa. ***Andar entre libros. Lectura literaria en la escuela***. México: Fondo de Cultura Económica, 2006
- DURÁN, Teresa. ***Leer antes de leer***. Madrid: Anaya, 2002.
- DURÁN, Teresa. ***Álbumes y otras lecturas: Análisis de los libros infantiles***. Barcelona: Octaedro, 2007.
- GARRALÓN, ANA. ***Leer y saber. Los libros informativos para niños***. Madrid: Tarambana libros, 2013
- JOVER, Guadalupe. ***Un mundo por leer***. Barcelona: Octaedro, 2007
- LLUCH, Gemma. ***Cómo seleccionar libros para niños y jóvenes***. Gijón: Trea, 2010

Bibliografía

- GUÍAS DE LIX DE GALIX – Catálogos de LIX galega (anuais)
<http://www.galix.org/search/label/cat%C3%A1logos>
- Equipo Peonza. ***Cien libros para un siglo***. Madrid: Anaya, 2004.
- ***Los fondos de la biblioteca escolar y los planes de lectura del centro***. Pamplona: Gobierno de Navarra. Departamento de Educación, 2005
[Disponible en:
<https://www.educacion.navarra.es/web/publicaciones/catalogo>]
- ***Modelo de fondo bibliográfico para una biblioteca escolar de Educación Secundaria***. Pamplona: Gobierno de Navarra. Departamento de Educación, 2005 [Disponible en:
<https://www.educacion.navarra.es/web/publicaciones/catalogo>]
- VVAA- ***Libros infantiles y juveniles para hacer buenos lectores***. Madrid: ANABAD; Educación y Bibliotecas, 2000.



Recursos

- Guía de recursos(Asesoría B.E.): <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/>
- Rede Lectura (Asesoría B.E.): <http://redelectura.blogspot.com>
- Guías de lectura (Web de Bibliotecas Escolares de Galicia):
<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>
- GALIX: <http://www.galix.org/>
- Canal Lector (antigo Sol-e.com): <http://www.canallector.com/>
- Lectura Lab (FGSR): <http://www.lecturalab.org/>
- Leer.es (Ministerio Educación): <http://leer.es/>
- *Club Kirico* (CEGAL: Confederación española de gremios y asociaciones de libreros): www.clubkirico.com
- La lupa del cuento: <http://www.lupadelcuento.org/>
- Gretel. Literatura Infantil y Juvenil: <http://www.gretel.cat/es/>
- Criaturas <(Revista de LIX): <http://www.criaturas.gal/>

**Unicornio
conoce a hada.
Deciden ir
en busca de mago.
Increíbles
aventuras.
Duendes les dicen
dónde encontrar
a mago.
Felicidad.
[Ya leíste una historia fantástica]**

+ Recursos

- Biblioteca Civican (Pamplona, Fundación Caja Navarra). Guías anuales: *Lecturas escogidas, Rutas de lectura, Bestiario...*[Disponibles en: <http://www.bibliotecaspublicas.es/civican/otras.htm>]
- CLIJ. <http://www.revistaclij.com/revista-virtual>
- Mi biblioteca. www.mibiblioteca.org/
- Revista *Babar* de Literatura Infantil: <http://www.revistababar.com>
- Revista *Cuatrogatos* de Literatura Infantil y Juvenil: <http://www.cuatrogatos.org>
- Imaginaria (Revista electrónica de LIJ): <http://www.imaginaria.com.ar/>
- Biblioteca digital internacional para niños: <http://es.childrenslibrary.org/index.shtml>
- Biblioteca de LIJ del Instituto Cervantes: <http://bib.cervantesvirtual.com/seccion/bibinfantil/>
- Anata Rambana (Ana Garralón): <http://anata Rambana.blogspot.com.es/>

SECCIÓNS DE AULA

- Evolución da biblioteca de aula
- Dinámica, viva
- Nútrese da biblioteca de centro e doutras bibliotecas (persoais, públicas...)
- Ao servizo do Plan Anual de Lectura e do tratamento do currículo



Outras formas de participación na selección

- Experiencias de bibliotecas e clubs de lectura
- Requisitos
- Fórmulas de participación
- Vantaxes




Club de lectura do IES de Viós (Abegondo) na FNAC

Sitios web de apoio



<http://redelectura.blogspot.com>



<http://librosaeito.blogspot.com>



<http://lerenmancomun.blogspot.com>

Asesoría de bibliotecas escolares

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Bibliotecas
escolares
de Galicia

b ga

Guía de recursos Portal educativo Web Bibliotecas Escolares

+ Info Último

bliotecas

- Actualidade
- ALFIN
- Banco de experiencias
- Bibliotecas escolares
- Documentos de referencia
- Fomento da lectura
 - Hora de ler
 - Ler en mancomún
 - Libros a oito
 - Rede Lectura
- Infantil e primaria
- Secundaria
- Xestión técnica

blio-Videoteca

- Bibliotecas escolares de Galicia
- Videos dos centros
- Xornadas-Encontros

**an de mellora de
bliotecas escolares**

2006/2007

Materiais IV Xornadas de Bibliotecas Escolares de Galicia



Desde a Aula Virtual do CAFI (Centro Autonómico de Formación e Innovación) pódese acceder xa aos materiais das **IV Xornadas de Bibliotecas Escolares de Galicia**, celebradas en Santiago de Compostela os pasados 9 e 10 de novembro. Estes materiais completaranse en breve, unha vez editados os vídeos correspondentes ás diferentes sesións, así como o vídeo resume da xornada. **ACCESO** aberto (entrar como convidado).

Engadimos desde aquí informacións complementarias e enlaces relacionados coa temática das xornadas, **LER PARA VER**, relativa á formación para a **competencia mediática e informacional**, co apoio dos recursos da biblioteca escolar.

- Curriculo para profesores en materia de Alfabetización Mediática e Informacional. UNESCO 2012
- Manual sobre competencia informacional e mediática. UNESCO 2012 (inglés)
- "Declaración de Moscú a favor da alfabetización informacional e mediática. UNESCO"
- Rede de Cátedras UNESCO para a promoción da MIL (Media and Information Literacy)
- "Resumo estudo sobre alfabetización en Europa. Comisión Europea de Educación. 2012"
- La competencia informacional la enseñanza obligatoria... Ana Blasco/Glòria Durban
- Programas para el desarrollo de la competencia informacional... Glòria Durban, Ana Cid, José García
- Informe APEI 2010 sobre Alfabetización Informacional. Antoni Calderón.
- Programa europeo Emedus, para a educación para os medios. Emedus.org
- Vídeo: recomendacións do grupo Emedus sobre políticas públicas de Educación mediática.
- Bibliotecacotarelo Cine. Bloque de cine da biblioteca do IES Armando Cotarelo Valedor de Vilagarcía de Arousa

Ligazóns B.E.

- Abareque-Educastur
- B.E. de Málaga
- B.E. de Navarra
- Biblioteca escolar: PUNTEU
- Biblioteca Escolar Digital
- Bibliotecas /CRA de Chile
- Bibliotecas escolares - Extremadura
- Bibliotecas escolares Cantabria
- Bibliotecas Escolares Comunidad de Madrid
- Bibliotecas Escolares de Aragón
- Bibliotecas Escolares Históricas
- Biblioteques Escolars IB
- Educacyl - Fomento de la lectura
- IASL
- Libro Abierto
- MEC-Bibliotecas Escolares
- Pinakes
- Plan de Lectura de ICCM

A cuestión é chegar...



Ademais de ter bos materiais na colección, cómpre difundilos e facelos accesibles. Hai que moveilos....



Grazas!

crisnovoa@gmail.com